

BASES CONCURSO DE DISFRACES

Gran Entroido Meco

O Grove, 5 de marzo de 2019

Con motivo da celebración do Entroido 2018 O Concello do Grove convoca o concurso de disfraces en función das seguintes bases:

Primeira. O desfile terá lugar o martes 5 de marzo, a partir das 17.00 h, co seguinte percorrido: saída dende O Corgo, Beiramar, Luís Casais, Castelao, Rúa da Praza, Beiramar, Luís Casais e de novo Castelao, rematando o desfile no Corgo. O itinerario poderá ser modificado por parte dos corpos de seguridade ou a organización se é preciso para garantir un correcto desenvolvemento do desfile.

Todos os participantes no concurso están obrigados a pasar dúas veces pola rúa Castelao para optaren a premio, e unha vez rematadas esas dúas voltas, deberán rematar o desfile na zona habilitada a tal efecto na praza do Corgo.

O desfile será organizado por categorías e os participantes deberán respectar a orde asignada no desfile, atendendo as correspondentes normas de seguridade (anexo I).

Segunda. Para optar a premio é obrigatorio realizar a inscrición, na que deberán facer constar en que categoría queren participar e o número de conta no que se abonará o correspondente premio segundo o establecido nestas bases. As inscricións serán gratuítas e realizaranse antes do comezo do desfile na mesa da organización, que estará situada na Casa do Concello **dende as 15.30 h ata as 16.45 h.** Aos participantes proporcionaráselles un dorsal que identificará a categoría. No caso das carrozas, deberá presentarse a ficha de inscrición e documentación indicadas no anexo II das presentes bases.

Terceira. Establécense as seguintes categorías e premios (as contías están suxeitas á correspondente retención fiscal):

Categoría	Subcategoría	Premio	Contía (euros)
Adultos (máis de 14 anos)	Grupos	Primeiro	600
		Segundo	400
		Terceiro	200
	Parellas	Primeiro	200
		Segundo	150
		Terceiro	100
	Individuais	Primeiro	150
		Segundo	100
		Terceiro	50
Infantil (ata 14 anos)	Grupos	Primeiro	200
		Segundo	100
		Terceiro	50
	Parellas	Primeiro	100
		Segundo	75
		Terceiro	50
	Individuais	Primeiro	75

		o	
		Segundo	50
		Terceiro	30
		Primeir	50
		o	
Choqueiros		Segundo	40
		Terceiro	30

Cuarta. Os membros do xurado serán nomeados pola organización e a súa decisión será inapelable.

O xurado valorará a todos os concursantes durante o percorrido do desfile tendo en conta non só a categoría do disfrace, senón tamén a participación activa e humorística durante o desfile.

O xurado e a organización resérvanse o dereito de declarar deserta algunha das modalidades ou categorías ou de establecer un único premio se non se acada un mínimo de 6 participantes, ou se non se consideran cun mínimo de traballo e orixinalidade.

O xurado resérvase o dereito de descualificar aquelas persoas con disfraces que, ao seu xuízo, podan resultar ofensivos, de dubidosa interpretación ou que non cumpran as normas que, ao longo do desfile, vaia transmitindo o persoal da organización, que irá debidamente identificado.

Quinta. O Concello do Grove reservase a potestade de fotografar e/ou gravar os participantes, así como a utilización destas fotografías e gravacións para a promoción deste.

Sexta. Os premiados daranse a coñecer unha vez rematado o desfile na rúa Castelao, facéndose entrega dun diploma acreditativo do galardón. Para este acto só poderán acceder as persoas disfrazadas e demais publico sen ningún tipo de carroza ou vehículo.

O pagamento dos premios faráselles ás persoas ou entidades que figuran na inscrición do concurso mediante transferencia bancaria.

Sétima. O Concello do Grove, como organizador deste evento, pode contratar servizos ou establecer convenios de colaboración para a súa xestión ou realización con terceiros, tendentes a mellorar a organización e difusión deste e das actuacións que nel se realicen, tanto por medios audiovisuais e sonoros, radiofónicos, televisivos ou internet, renunciando expresamente os participantes –coa aceptación destas bases– a calquera reclamación por posibles difusión ou explotacións que será, en todo caso, responsabilidade do Concello do Grove.

Oitava. Calquera aspecto non contemplado nestas bases pode ser modificado pola organización, en beneficio do bo funcionamento do concurso.

Novena. As carrozas, camións e vehículos que queiran participar no desfile deberán asinar o Anexo I e cumprir a normativa que nel se establece.

Décima. A mera inscrición e participación no Concurso de Disfraces da Gran Marcha do Entroido Meco supón a total aceptación de todas e cada unha das cláusulas das presentes bases e o veredicto do xurado.

O Grove, a 29 de xaneiro de 2018

ANEXO I. NORMAS DE SEGURIDADE

1. NORMAS XERAIS

- 1.1.** Poderán participar no desfile tódalas persoas físicas ou xurídicas, entes privados e organizacións populares que así o soliciten ao Concello do Grove e sexan aceptadas por este, de acordo cos requisitos de inscrición.
- 1.2.** O público, os membros da organización, os concursantes e, en xeral, tódolos asistentes ao desfile son merecedores do máximo respecto, polo tanto tódolos participantes deberán ter un comportamento correcto.
- 1.3.** Queda prohibida a participación no desfile de calquera vehículo a motor que non estea engalanado ou decorando, estando expresamente prohibida a participación de ciclomotores, motocicletas, triciclos a motor, quads, karts ou minimotos que non formen parte dunha unidade de participación no concurso. Tamén se prohibe a participación de animais soltos.
- 1.4.** Non se permitirán alarmas, sirenas ou ruídos altos que poidan interferir con outras unidades. Queda prohibida a utilización de calquera clase de lume, xa sexan artefactos pirotécnicos, lanzadores de chamas...
- 1.5.** Tódolos participantes formarán parte do desfile pola súa conta e risco. O Concello do Grove non responderá por ningún dano, prexuízo ou accidente que os participantes e os seus vehículos puideran ter ou ocasionar a terceiros dentro do desfile.
- 1.6.** Queda prohibida a realización de espectáculos e sesións musicais que non dispoñan de autorización previa fóra do horario do desfile.

2. NORMAS RELATIVAS A CARROZAS OU VEHÍCULOS

2.1. Condicións xerais dos vehículos

1. Os carromatos, caravanas, carrozas e vehículos que participen no desfile deberán cumprir coa normativa vixente e dispor do seguro obrigatorio e do seguro de responsabilidade civil que cubra os danos a terceiros que se poidan ocasionar durante o percorrido desfile.
2. Cada vehículo que participe no desfile estará obrigado a levar un extintor en regra ademais do seu propio equipo de seguridade ou orde, composto por un número suficiente de persoas garantes dos mesmos, que estarán debidamente identificados para a organización e os espectadores. Estas persoas encargaranse de que ninguén interfira a marcha da carroza, nin que ninguén se achegue á mesma.
3. O Concello do Grove citará as características técnicas mínimas para formar parte do desfile, debendo posuír en bo estado os pneumáticos, sistema de freado, masas e dimensións que non comprometerán a estabilidade do vehículo, luces, aforo, accesos e equipamentos, entre outros.
4. Todos os elementos que poidan ser accesibles por persoas e animais non poderán presentar aparatos, dispositivos ou calquera outros materiais tales como arestas, ángulos, bordes, etc. que puideran ocasionar lesións. O motor e as pezas móbiles deberán estar protexidos e tódolos elementos que se atopen sobre a plataforma do vehículo deberán estar perfectamente ancorados ao mesmo.
5. A organización por si mesma ou mediante persoas delegadas encargarse do cumprimento da seguridade das carrozas coas verificacións pertinentes antes do

inicio do desfile. Así, quedarán fora do desfile aquelas carrozas que non cumpran os requisitos esixidos.

2.2. Requisitos dos condutores

1. Os condutores dos vehículos ou carrozas deberán estar en posesión do permiso de condución que acredite que posúen a autorización para circular pola vía pública con vehículos da clase correspondente ao que conduce no desfile.
2. Os condutores dos vehículos que participen decorados como carrozas no desfile de entroido debe manter a liberdade de movementos e unha adecuada visibilidade, tendo terminantemente prohibido o consumo de calquera tipo de bebida con graduación alcohólica.
3. O condutor do vehículo será o responsable de prever os posibles obstáculos de redes e infraestrutura eléctrica ou telefónica do percorrido. Deberán analizar coa debida antelación a ruta de acceso máis convinte ao lugar do concentración e colaborar en todo momento, cos organizadores do entroido e aos corpos de seguridade responsables.

2.3. Condicións técnicas das carrozas

1. Dimensións máximas dos vehículos. No caso dos camións que pretendan participar no desfile, a súa estrutura total será as seguintes:

Lonxitude máxima: 9 metros

Altura máxima: 3,5 metros

Anchura máxima: 2,5 metros

No caso das coches e motos que pretendan participar no desfile, a súa estrutura total será a seguinte:

Lonxitude máxima: 5 metros

Altura máxima: 2,5 metros

Anchura máxima: 2 metros

As plataformas remolcadas por tractores tampouco poderán exceder no seu total desas medidas. As carrozas, plataformas remolcadas e demais vehículos que superen estas medidas estipuladas non poderán participar no desfile.

2. Documentación dos vehículos. Os vehículos participantes deberán dispoñer da seguinte documentación:

- Permiso de circulación.
- Impreso de ter superado coa ITV.
- Permiso de condución do condutor.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil que cubra os danos de terceiros que se poidan ocasionar durante o percorrido do desfile.
- Certificado documento que acredite que os extintores (cando sexan requiridos) se atopan en vigor.

Toda esta documentación obrigatoria deberá estar dispoñible e ser amosada aos corpos de seguridade no caso de que lle sexa requirido.

3. Autorización de participación. A organización reservase o dereito de admitir ou rexeitar as carrozas, vehículos ou camións que non estean en posesión

dos permisos obrigatorios ou que non reúnan as características oportunas para manter o nivel, a seguridade e a calidade do evento. A autorización que outorga a organización para participar só se limita ao percorrido do desfile.

2.4. Desenvolvemento da participación

1. Os vehículos que participen decorados como carrozas no desfile deberán en todo caso respectar as normas de tráfico e R.D. 2822/1998 do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos.
2. As carrozas e vehículos deberán manter unha distancia de seguridade adecuada entre elas, de tal xeito que se permita a súa detención se alcanzar á que precede.
3. Queda totalmente prohibido que os vehículos ou carrozas estacionen ou se deteñan no circuíto destinado ao desfile de Entroido, agás causas xustificadas ou indicación da organización, quedando estacionadas o remate do mesmo na zona habilitada na zona do Corgo.
4. Non se permitirá ás persoas subir ou baixar das carrozas mentres estas se atopen en movemento e participen no desfile.
5. O aforo das carrozas debe ser o adecuado e non exceder o mesmo en ningún momento. Para o cálculo do aforo máximo de persoas na plataforma libre do vehículo aplicarase a seguinte fórmula: 1 persoa por metro cadrado.
6. Prohíbese arroxar dende a carroza calquera elemento ou obxecto que poda causar danos ou lesións.
7. Non poderá circular nas carrozas ningún menor sen supervisión.
8. Para dar orde ao desfile, facilitar unha maior fluidez e evitar os embotellamentos, tódalas carrozas deberán acatar as indicacións da organización e corpos de seguridade e seguir un percorrido obrigatorio que garanta un mellor desenvolvemento do evento.
9. Os vehículos que participen no desfile sen excepción, deberán pasar dúas voltas obrigatorias pola rúa Castelao e unha vez finalizadas, deberán rematar o desfile na zona habilitada no Corgo.

ANEXO II. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO DESFILE DE ENTROIDO 2018 (CARROZAS)



Poderá solicitarse documentación acreditativa da información indicada na solicitude

APELIDOS		NOME	
DATA DE NACEMENTO		DNI	
DOMICILIO		TELÉFONO	
CORREO ELECTRÓNICO			
EN REPRESENTACIÓN DA CARROZA			
<i>Indicar título da carroza</i>			
DIMENSIÓNS DA CARROZA OU VEHÍCULO		DESCRICIÓN DO VEHÍCULO	
ALTO _____ metros		Matrícula _____	
LONGO _____ metros		Antigüidade _____	
ANCHO _____ metros			
DOCUMENTACIÓN DA QUE SE DEBE DISPOÑER NO MOMENTO DA SOLICITUDE			
• Permiso de conducir • Permiso de circulación • Certificado da ITV • Póliza de seguro de responsabilidade civil			
A sinatura deste documento supón a aceptación das bases e expresamente do cumprimento das normas de seguridade recollidas no Anexo I. O Grove, ____ de febreiro de 2019 Sinatura do representante			
Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello do Grove relacionados co Concurso de Disfraces do Entroido 2015, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada nesta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral deste concello			